



DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Xunto co Anexo I e Anexo II debidamente cubertos, debe achegarse a seguinte documentación:

- a) Xustificante da matrícula para o curso académico 2019/20.
- b) Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Se non ten libro de familia ou este non reflecta a situación, poderá acreditar o número de membros da familia utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou convenio regulador.

2º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

- c) Certificado de convivencia da persoa solicitante e os demais membros computables da familia no mesmo domicilio e número de habitantes do lugar onde residen
- d) Certificado oficial das notas del curso escolar 2018/19 e se non cursase estudos neste, o do último curso que realizase.

De haber algunha das seguintes situacións, documentación que acredite esta circunstancia:

- 1) Orfandade.
- 2) Desemprego dalgunha das persoas proxenitoras, ou de ambas, sempre que esgotasen o dereito a percibir a prestación ou o subsidio por desemprego e que continúen inscritos como demandantes de emprego.
- 3) Certificado do grao de discapacidade da persoa solicitante ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- 4) Documentación xustificativa da exención dos requisitos de non repetir curso ou de non ter abandonado por dúas veces os estudos iniciados.
- 5) Documentación acreditativa da concorrencia de circunstancias persoais ou familiares moi graves para eximir do requisito de accesibilidade aos estudos dende o lugar de residencia.
- 6) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero. Poderá acreditarse en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

1.2. Cando se trate de alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.

- a) Certificación do centro de menores.
- b) Resolución xustificativa do acollemento familiar.